

COACTUR, S.L.



“Recibín xente de todos os lugares do mundo (xaponeses, etc.)”
Luisa Carnero

Datos básicos

Actividade:	Casa de turismo rural
Sector de actividade	Turismo, hostalería e restauración
Nº empregados	5
Inversión inicial	522.880 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi de 522.900 €, pero en realidade o investimento realizado ata o momento supera os 840.000 €. O financiamento repartíuse entre unha subvención de 198.330 € que percibín por ser proxecto Leader, outra subvención de 36.000 €, un préstamo de 132.200 € e fondos propios (para o cal tiven que vender un piso que tiña).
Web:	www.arousia.com
Municipio:	Baltar, Ourense
Ano creación:	2000

Descrición do proxecto

Trátase dun hotel rural con encanto de oito cuartos na casa principal e unha casa unifamiliar que se aluga como apartamento.

A casa está situada nunha zona rural moi ben estruturada e sinalizada, con máis de 20 rutas de sendeirismo ata o Parque Natural da Peneda do Xerés e permite a práctica dunha enorme variedade de deportes (parapente, ala delta, cicloturismo, sendeirismo, etc.).

Ofrécense ademais servizos de restauración, e cada un dos cuartos ofrece servizos diferentes que se reflicten no prezo (desde 67,52 € a máis sinxela ate 80 €, o cuarto que conta con hidromasaxe).



Datos empresa

Claves do éxito

- O lema da miña casa: que a persoa se sinta como na súa propia casa. Coido detalles como zapatillas e velas en todos os cuartos. Pensei o que era o que eu botaba de menos cando saía de viaxe.
- A calidade total no servizo, desde que o cliente chega ata que sae.
- Profundo coñecemento do mercado (fixen o meu propio estudio de mercado visitando máis de 55 casas).
- Contar con un bo posicionamento en Internet e con bos Tours operadores, ademais de estar presente en Turgalicia e na rede de hoteis con encanto de Europa.
- Ter moi clara a segmentación do mercado e orientarme a un público medio-alto.

Situación actual

Na actualidade traballamos na empresa unha xerente (eu mesma), dous empregados fixos e outros dous empregados a xornada completa durante a temporada alta. Superei as primeiras dificultades e penso seguir crescendo, mercar as casas de atrás, rehabilitalas e alugalas enteiras. Son consciente de que canto maior sexa o investimento, mais difícil será rentabilizala, pero prefiro crecer e diferenciarme, orientarme a un público que valora o esmero que lles ofrezco.

Perfil cliente

En xeral, é un público medio-alto. Acostuman ser profesionais liberais de entre 30 e 55 anos. Gústalles o deporte, a natureza, a calidade nas instalacións e no servizo e a boa cociña. Recibín xente de todos os lugares do mundo (xaponeses, etc.).



Idea inicial

Sempre me encantou o mundo da restauración e a decoración. Traballar algo moi deteriorado e volver darlle a vida que tiña. Tamén son moi afeccionada á montaña e ao parapente. De feito, coñecín a zona a través dun curso de parapente que fixen e namoreime da zona e da casa.

Principales dificultades y amenazas futuras

Unha das maiores dificultades é conseguir apoios. Ao principio semella relativamente fácil, pero á hora da verdade, as axudas financeiras sobre todo, son moi complicadas de conseguir. En caso de conseguilas, o diñeiro chega moi tarde, polo que ao final resulta imprescindible ter un apoio económico.

En canto ás ameazas, a posíbel competencia. De todos xeitos, diferencieime orientándome a un segmento de mercado moi concreto polo que a competencia non me debería afectar tanto. Por outro lado, pode que a aparición de novas casas reactive o turismo e ao final supoña unha vantaxe en vez dunha ameaza.

Perfil promotores

A promotora é traballadora social no Concello de Xinzo de Limia desde hai 14 anos. Aínda que na súa familia hai tradición empresarial, a promotora non ten experiencia previa no sector.

Con trinta e nove anos abre a súa casa de turismo rural.

Aptitudes necesarias

É importante ser activa, cobizosa, emprendedora, teimuda e ter moita forza de vontade. Pero sobre todo, ter un soño e unha idea moi clara. Iso é o que che dá forza para loitar contra todo e conseguilo.



Guía de Actividad

Turismo activo. (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

Dedicarme ao que me gusta
O reto que supón

Formación

¿Recibiú información específica sobre a creación de empresas?

O programa Lanza, cursos de turismo de TURGALICIA, varios cursos sobre restauración, etc..

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

É moi importante, e aínda así atópaste con moitos problemas. Necesitas saber de todo e canto máis, mellor.

Anecdotario

O verán pasado, deixei de vender 250 cuartos (porque a demanda superou con moitísimo a oferta que eu teño de cuartos).

